



Ensaio

«Laura no deserto»

Antón Riveiro

Coello. Editorial

Galaxia (Vigo,

2011). 726

páxinas

Memoria, identidade

ROMÁN ARÉN

Magnífica novela, estruturada en catro partes, polifónica nos narradores, que une xéneros e espazos diferentes, que inclúe novelas dentro da novela, pero que ten un eixo central: o eu, a súa construción, a memoria de Laura, que coincide con dous acontecementos históricos do século XX: a guerra civil española e a segunda guerra mundial. Malia os recursos moi novelescos, as anagnórisas, o tecido histórico, a mestura de personaxes reais e ficticios, sobrancea a introspección de Laura, o seu fundirse da identidade, a sensación de culpa. Envolta en paisaxes diversas, acompañada doutras voces, mergullada no campo de concentración, é Laura quen dá a melodía principal desta orquestra.

Novela do eu, nunha tradición que comeza na península Ibérica no século XV co galego Juan Rodríguez del Padrón, non fica só niso, senón que, con mestría, vence-la o eu á historia, para se converter nunha novela de aprendizaxe, lingüística e literaria, local e cosmopolita, cunha grande homenaxe á Pobra do Caramiñal. Un labor de ourive ao servizo dunha historia e dunha grande personaxe. E chea de chiscadelas literarias moi discretas, crea unha poderosa personalidade que non agocha o valor do mundo malia a forza do eu.